



A lanxa xeiteira

Foi a embarcación de pesca máis empregada e representativa da costa galega, estendéndose a súa presenza dende a Costa da Morte á desembocadura do Miño. Desapareceu a mediados dos anos 60.

De tamaño mediano, tiña ó redor de 9 m. de eslora por 3 de manga a 0,9 de puntal. Era totalmente simétrica de proa a popa, sendo a primeira máis elevada e lanzada. A cuberta estendíase ata o centro da embarcación. Na proa había dous espazos pechados pola cuberta e separados entre si. O que está máis preto da popa recibía o nome de 'tilla'.

Podíase desprazar a remo ou a vela, para o que tiña un pao de 9 m. e unha verga de 4,5. Todas estas características permitíanlle navegar con grande estabilidade e porta-la vela sen necesidade de lastre.

Na construción empregábase madeira de carballo e de piñeiro. Utilizábase para ir á sardiña coa arte do xeito que é a que lle presta o nome.

ENCUNTRO 2002
embarcacións tradicionais



MEIRO - BUEU

TELE. 986 320 604